

**IX SEMINARIO SOBRE A MEMORIA
“OMESOMONTE”**

**Rianxo – O Pindo – Quilmas – Carnota
19-20-21 de outubro de 2018**

MEMORIA DA ACTIVIDADE

1. Xustificación da actividade.

A convocatoria do Seminario constituía, globalmente, unha proposta para a reconstrución da memoria histórica no contexto escolar. Pretendíase suxerirles aos asistentes unha reflexión sobre o fenómeno dos campos de traballos forzados, sobre a situación dos prisioneiros nos campos de concentración en Francia, sobre a desapiadada depuración sufrida pola poboación e, especificamente, sobre as mulleres antifranquistas que foron represaliadas. O obxectivo último do Seminario perseguía posibilitar un mellor coñecemento do noso pasado máis recente e provocar tamén que a actualización dos coñecementos sobre os temas abordados nesta edición contribuíse, no alumnado indirectamente beneficiario da reflexión, á comprensión do presente e á adopción dunha actitude responsable e solidaria na defensa da liberdade, da democracia e da xustiza.

2. Os obxectivos da actividade.

O Seminario procuraba, en esencia, os obxectivos que se enumeran a seguir. O seu grao de cumprimento será analizado máis abaixo:

1. Identificar, analizar e explicar, situándoos no tempo e no espazo, os feitos, personaxes, problemas, etapas e procesos máis significativos a respecto dos campos de traballos forzados, da situación dos prisioneiros nos campos de concentración en Francia, e da depuración sufrida pola poboación e, especificamente, polas mulleres antifranquistas que foron represaliadas.
2. Distinguir e valorar os trazos permanentes dos procesos de transformación e cambio nos diferentes períodos, analizándoos desde a realidade dos nosos días.
3. Situar estes procesos históricos no contexto de Galicia e do Estado.
4. Contribuír ao desenvolvemento dunha sensibilidade comprometida, responsable e activa coa liberdade, a democracia e a xustiza.
5. Colaborar na consolidación de actitudes e hábitos de tolerancia e de defensa dos dereitos humanos.

3. Profesores e profesoras participantes na actividade.

Participaron na actividade un total de profesores e profesoras. A maior parte dos participantes foron profesionais do ensino secundario público, do ámbito das Ciencias Sociais. Porén, tamén participaron algúns profesores e profesoras doutras disciplinas. Os asistentes procedían practicamente de toda Galicia.

4. Relatores/as participantes na actividade.

No desenvolvemento do Seminario participaron un total de oito relatores/as responsables das conferencias e das diferentes sesións de traballo de campo:

- **Sara Carou García**, profesora da Universidade da Coruña
- **Uxío-Breogán Diéguez**. Historiador e profesor da Universidade da Coruña.
- **M^a Carme Caramés Gorgal**, profesora de Secundaria
- **Luís Lamela García**, historiador e escritor
- **Xilberto Caamaño Beiro**, Presidente da Asociación *Monte Pindo Parque Natural*
- **Francisco Martínez López, Quico**, supervivente do movemento guerrilleiro.
- **Fernanda Cedrón Trigo**, neta do *Gardarríos* e investigadora do fenómeno da guerrilla.
- **Arximiro Bautista Villar González**, profesor de Secundaria.

5. O desenvolvemento da actividade.

Para procurar a consecución dos obxectivos a partir dos cales se concibía o Seminario, foron deseñadas unha serie de actividades que, respectando a súa sucesión cronolóxica, desenvolvéronse tal e como se sintetiza a seguir.

Día 19 de outubro

A profesora **Sara Carou García** pronunciou unha conferencia sobre *a represión dos adversarios políticos na ditadura franquista a partir do dereito penal do inimigo: os campos de traballos forzados*, que logrou ofrecer un enfoque novo sobre a represión cun asunto, o dos traballos forzados, só bosquexado nas edicións previas do Seminario.

O profesor **Uxío-Breogán Diéguez Cequiel** continuou co desenvolvemento desta mesma cuestión previa, neste caso enfrontando o enfoque didáctico do mesmo a partir de *historias de vida*.

No transcorrer das actividades desta tarde foi inaugurada a exposición *Rexas. Mulleres baixo o terror franquista: 78 imaxes de mulleres*, pola propia comisaria da exposición, **Montse Fajardo Pérez**, xornalista e escritora.

Foi presentada tamén a novela *A madriña*, de **Carme Caramés Gorgal**, ambientada, en parte, na posguerra. A xornada rematou co acto de homenaxe ás mulleres solidarias cos prisioneiros do campo de concentración de Rianxo e a todas as mulleres represaliadas e solidarias.

Día 20 de outubro

No Salón de Actos da Confraría de Pescadores/as do Pindo comezou a mañá do sábado, 20 de outubro, coa conferencia do historiador **Luís Lamela García**, *O Pindo, refuxio de sindicalistas. O asalto ao barco do exilio As de Sel*. Nela, analizou con detalle o papel do Monte Pindo como lugar de acubillo de moitos refuxiados, intentando descubrir a diversidade ideolóxica existente entre eles. Referiu tamén o secuestro e a fuxida no barco *As de Sel* desde O Pindo a Bristol por parte dun grupo de antifranquistas.

Baixo a dirección de **Xilberto Caamaño Beiro**, Presidente da Asociación Monte Pindo Parque Natural, boa parte da xornada empregouse na visita a puntos do Monte Pindo nos que os refuxiados puideron gorecerse nalgúns casos durante anos, así como a outros lugares da contorna, particularmente no lugar de Quilmas, relacionados coa represión.

A xornada proseguiu coa proxección da longametraxe *A mariñeira*, presentada polo seu propio director, **Antón Dobao**, unha película –aínda que de ficción– especialmente celebrada por poñer sobre a mesa o papel da muller durante a guerra e a posguerra.

Finalmente, tivo lugar unha mesa redonda, a modo de síntese do día, onde foron postos en común aspectos dos abordados durante a xornada, ao tempo que se afondaba nalgúns deles.

Día 21 de outubro

O terceiro e último día de actividade do Seminario comezou cunha conferencia do profesor **Miro Villar** sobre o libro de Manuel García Gerpe *Aramados: os meus nove meses polos campos de concentración de Francia*, editado en Buenos Aires en 1941. Trátase dunha obra que o propio profesor está vertendo ao galego na actualidade e que reflicte a fuxida do seu autor ata chegar a Buenos Aires despois de pasar un longo tempo nos campos franceses.

A xornada completouse cunha segunda parte do traballo de campo desenvolvido no día precedente, neste caso centrado nos arredores da propia localidade do Pindo e nos acontecementos dos que hai constancia alí na inmediata posguerra.

A actividade pechouse cunha sesión de conclusións e de avaliación do propio Seminario na que puideron participar todos os asistentes. Unha síntese destas conclusións ofrécese a continuación.

6. Principais conclusións do Seminario.

Reprodúcese, a continuación, unha síntese das principais conclusións ás que os asistentes chegaron no momento da avaliación grupal da actividade.

1. A actividade, igual que nas edicións precedentes, segue considerándose como un interesante exercicio de análise e comprensión dun fenómeno histórico moitas veces descoñecido e, outras, declaradamente ignorado. Neste sentido, faise necesario continuar afondando no seu estudo.
2. A metodoloxía de traballo adoptada polo Seminario, combinando testemuñas de persoas que viviron directamente a represión –caso dos propios guerrilleiros, outras persoas represaliadas e os seus familiares– e exposicións de investigadores sobre as distintas temáticas, co recoñecemento de espazos nos que se desenvolveron moi diferentes episodios da represión é, posiblemente, unha das razóns que explica o interese que esta actividade suscita e a súa continuidade no tempo. A contextualización do relato da represión en lugares concretos atrae a participación da cidadanía directamente interesada, feito que enriquece o propio Seminario, integrado fundamentalmente por docentes.
3. É unha realidade que moitos aspectos da “Memoria” apenas están investigados aínda. Paralelamente, a implicación didáctica de todo o relacionado con ela está, se cabe, nun momento de análise aínda máis primitivo, razón pola cal se fai necesario afondar tamén nesta liña de traballo.
4. Particularmente, os participantes acordan solicitar do Consello de Redacción da *Revista Galega de Educación* a programación dun monográfico sobre o tratamento didáctico da “Memoria” no sistema educativo actual. Acordan, igualmente, iniciar as xestións diante dos chanzos administrativos responsables da formación do profesorado para incluír esta temática nos programas de formación.
5. Crese moi necesaria a visibilización de feitos e de realidades, pero tamén é preciso valorar por que a reflexión sobre a represión non chega a camadas amplas da poboación, por que sempre as sensibilizadas son as mesmas persoas... E por que tampouco chega á xente moza.
6. A Guerra Civil foi, sen dúbida, un fracaso colectivo. Desde esta óptica, nada impide –e mesmo sería saudable– que a “Memoria” aborde calquera situación que se teña dado... desde calquera dos bandos.

7. Desde esta perspectiva tamén, a sociedade, e o ámbito educativo en especial, necesitan dunha revisión histórica da narrativa do que aconteceu desde a Guerra Civil ata hoxe en día. Unha revisión de todas as partes participantes para poder transmitir un coñecemento real do sucedido.
8. Entende o Seminario que para que crimes desta gravidade non volvan repetirse é preciso garantir unha profunda conciencia pública do sucedido, o que inclúe necesariamente educar no respecto á verdade e afondar nos valores para unha cidadanía democrática, reclamando o recoñecemento e posta en valor do ideario republicano.
9. Detéctase por parte dos participantes no Seminario unha falta de sensibilidade institucional, evidenciada na falta de apoio e cobertura a iniciativas relacionadas coa recuperación da Memoria Histórica, que trae como consecuencia a ralentización ou mesmo a desaparición de proxectos de capital importancia.
10. Os integrantes do Seminario denuncian como o “relato” sobre a Guerra Civil e a represión franquista, así como as medidas tomadas en distintos momentos da nosa historia recente, non respectan os compromisos establecidos por mandato internacional. Neste sentido entenden que a regulación española sobre a Memoria Histórica e os dereitos das vítimas do franquismo é directamente herdeira do *pacto do esquecemento* sobre o que se construíu a transición á democracia. Na procura dunha falsa reconciliación vulneráronse gravemente as reivindicacións de verdade, xustiza e reparación ás vítimas. Distintos organismos internacionais e asociacións pro dereitos humanos teñen advertido reiteradamente da transgresión do dereito internacional referido a dereitos civís e políticos que ampara as vítimas de graves violacións dos dereitos humanos. Particularmente, a aplicación da Lei de Amnistía de 1977 e as actuacións do Tribunal Supremo e do Constitucional entran en conflito directo coa lexislación internacional –xuridicamente vinculante para todos os estados– ao non considerar o carácter imprescritible dos delitos de “lesa humanidade”, como son, por exemplo as desaparicións forzadas nun contexto de ataque xeral á poboación civil. O Seminario entende que pechar en falso conflitos desta magnitude non permite restituír a necesaria confianza nas institucións nun estado de dereito e reclama das organizacións políticas a revisión desta situación e un compromiso decidido para que o estado asuma o papel que lle corresponde na defensa da legalidade.
11. Entenden tamén os participantes no Seminario que é preciso levar a cabo accións conxuntas entre todos os colectivos implicados no problema, así como elaborar unha proposta de mínimos única -consensuada entre todas as partes- para lles elevar a todas as institucións pertinentes, xa sexan de ámbito nacional, estatal ou internacional. Faise especial mención, ao respecto, das chamadas *Cátedras da Memoria* creadas nos últimos tempos no seo dalgunhas universidades.
12. Con todo, algunhas voces dos asistentes son certamente críticas co papel dalgúns destes colectivos e mesmo dalgunha *Cátedra*, constituídos uns e outras con moi boa intención pero con escasa perspectiva de percorrido. Particularmente, améntanse os conceptos *paternalismo* e *vitimismo* para referirse a algúns modos de actuar que non

se consideran especialmente afortunados. De aí a necesidade de elaborar un discurso coherente sobre o problema, e de tratar de facelo visible publicamente.

13. Valórase como algo especialmente significativo que nesta edición do Seminario teña sido abordado dun xeito decidido o papel da muller na loita antifranquista, durante e despois da Guerra. Queda moito, sen dúbida, que facer aínda ao respecto, poñendo en valor o papel, moitas veces excesivamente silenciado, das mulleres no conflito.

7. Valoración global da actividade.

Os participantes no Seminario cumprimentaron un cuestionario de avaliación a partir da análise do cal se trata de sintetizar a continuación a valoración global realizada.

1. Asistirías a outro Seminario destas características?

Si – 94.12 %

Non – 5.88 %

2. En conxunto, o Seminario respondeu ás expectativas que tiñas depositadas nel:

5 – 76.5 %

4 – 23.5 %

3. Cal é a túa opinión sobre o título que se ofrecía no programa en cada unha das actividades desenvolvidas en relación co que foi realmente a súa realización práctica?

5 – 58.8 %

4 – 41.2 %

4. A calidade das intervencións dos relatores/as que interviñeron no Seminario considérala:

5 – 75.0 %

4 – 25.0%

5. Cualifica de 1 (a cualificación máis negativa) a 5 (a máis positiva) cada unha das actividades desenvolvidas:

- Conferencia: A REPRESIÓN DOS ADVERSARIOS... (Sara Carou García)

5 – 93.3 %

4 – 6.67 %

3 – 6.25 %

- Exposición: REXAS, MULLERES BAIXO A REPRESIÓN... (Montse Fajardo Pérez)
 - 5 – 60.0 %
 - 4 – 33.3 %
 - 3 – 6.25 %

- Conferencia: MEMORIA E DIDACTICA DA HISTORIA... (Uxío-Breogán Diéguez Cequiel)
 - 5 – 62.5 %
 - 4 – 31.3 %
 - 3 – 6.25 %

- Conferencia: O PINDO, REFUXIO DE SINDICALISTAS... (Luís Lamela García)
 - 5 – 20.0 %
 - 4 – 40.0 %
 - 3 – 40.0 %

- Traballo de campo: MONTE PINDO, CASTELO DE SAN XURXO.. (Xilberto Caamaño)
 - 5 – 87.5 %
 - 4 – 6.25 %

- Longametraxe: A MARIÑEIRA (Antón Dobao)
 - 5 – 81.3 %
 - 4 – 12.5 %
 - 3 – 6.25 %

- Mesa Redonda: EXPERIENCIAS E TESTEMUÑAS SOBRE REPRESALIADOS (Quico Mnez, Fernanda Cedrón...)
 - 5 – 26.7 %
 - 4 – 60.0 %
 - 3 – 13.3 %

- Conferencia: ARAMADOS... (Miro Villar)
 - 5 – 100 %

6. Valora, xenericamente, o cumprimento dos obxectivos do Seminario:

- Entendo que se acadaron no seu conxunto os obxectivos previstos, malia que a reflexión didáctica é moi minoritaria.
- Foron perfectamente acadados.
- Moi bo.
- Positivo en termos xerais, no que non se logran melloras é na asistencia de xente moza ao cambiar as datas de celebración.
- Considero alcanzados en alto grao os obxectivos do Seminario.

- Algunhas intervencións moi boas.
- Obxectivos cumpridos.
- Cumpríronse de xeito notable.

7. Valora, xenericamente, o cumprimento dos contidos do Seminario:

- Bo.
- Positivo en canto a abarcar os contidos a un ritmo levadeiro, desexable.
- Moi satisfactorio.
- Os contidos do Seminario adaptáronse moi ben aos obxectivos.
- Contidos *ok*.
- Do mesmo modo notable.
- Os contidos cumpríronse sobradamente..
- Creo que se cumpriron, e ademais foron do meu interese, na súa totalidade.

8. A túa opinión sobre os materiais empregados no Seminario é:

- 5 – 70.6 %
- 4 – 29.4 %

9. As datas de celebración do Seminario pareceche:

- 5 – 33.3 %
- 4 – 61.1 %

10. Cal é a túa opinión sobre a relación horario teórico – horario real no desenvolvemento do Seminario:

- 5 – 11.1 %
- 4 – 72.2 %
- 3 – 11.1 %

11. O tempo destinado a cada unha das actividades, e en conxunto, pareceche:

- 5 – 29.4 %
- 4 – 70.6 %

12. Que opinión che merecen os lugares (interiores e exteriores) onde se desenvolveu o Seminario?

- 5 – 76.5 %
- 4 – 23.5 %

13. A túa opinión sobre a organización xeral do Seminario é::

- 5 – 76.5 %
- 4 – 23.5 %

14. Espazo reservado para que digas todo o que che quedou por dicir: Algúns dos comentarios realizados foron os seguintes.-

- Noraboa.
- Ánimos aos organizadores para seguir adiante. Iso non debería parar.

- Creo que tamén foi acertada, “coa axuda da climatoloxía”, a escolla das datas. Aínda así, preferiría que fose cara a mediados de mes, máis que tan tarde.
- Grazas por todo o traballo.
- Os tempos acaban por ser escasos nalgunha actividade por mor de imprevistos ou por programar moitas actividades. É inevitable, pero pode afectar a algo relativo aos relatores/as.
- Parabéns por un ano máis de aprendizaxe, experiencia e convivir.
- Espero que continúe o Seminario.
- Conecta co alumnado universitario.
- Moitas grazas por compartir con nós estas experiencias, e espero continuar asistindo a estes Seminarios.
- Considero moi POSITIVO o traballo e a necesidade de continuación IMPRESCINDIBLE.
- Houbo momentos nos que a ausencia de megafonía dificultaba a comprensión das comunicacións.
- Moi acertada a combinación de visitas, paseos coas xornadas en interiores, sentadas.
- Grazas.

Desde a perspectiva da Comisión Organizadora, o Seminario cumpriu sobradamente os obxectivos a partir dos cales foi convocado. Por unha parte, permitiu estudar *in situ* a actividade da represión nas zonas visitadas, e por outra comprobar que esa actividade segue aínda viva na memoria colectiva. Desde unha óptica estritamente educativa, en definitiva, o Seminario contribuíu a reflexionar sobre as posibilidades educativas que nos ofrece o medio próximo á escola.

Rianxo, 26 de outubro de 2018

O COORDINADOR DO SEMINARIO

A PRESIDENTA DE
NOVA ESCOLA GALEGA

Asdo.: Carlos de J. Cimadevila Álvarez

Asdo.: M^a Dolores Candedo Gunturiz